

O **obxectivo fundamental** desta proposta didáctica é que a temática dos xenocidios, o Holocausto e os crimes contra a Humanidade, incluídos xa nos currícula das materias, se concrete nas programacións didácticas e se desenvolva nas actividades de ensino e aprendizaxe nas aulas.

A razón fundamental é que a memoria do Holocausto como manifestación da barbarie forma parte da nosa memoria colectiva como cidadáns europeos. A Consellería de Educación da Xunta de Galicia promoveu unha operación institucional para incorporar nos currícula estes contidos ao abeiro do programa da Comisión Europea “Europa para os cidadáns” e en concreto na Acción 4 “Memoria activa europea”. A organización dunha secuencia de formación coas xornadas presenciais sobre Holocausto e Memoria en 2104 e 2015 e un curso de teleformación (PLATEGA) sobre materiais e propostas para a aula forneceu ao profesorado recursos didácticos para desenvolver estas temáticas na súa práctica docente. Ofrecemos moitos deles neste repositorio virtual.

O principal obxectivo desta acción é introducir a transmisión do Holocausto no ensino a través da conmemoración do “Día da Memoria do Holocausto” o 27 de xaneiro de cada ano lectivo porque é a data sinalada por Nacións Unidas (ONU) para lembrar ás vítimas do Holocausto xa que tal día de 1945, o exército soviético liberou o maior campo de exterminio nazi: Auschwitz-Birkenau. En España recoñeceuse oficialmente a conmemoración deste acontecemento no Real Decreto do 15/12/2004, baixo a denominación de “Día da Memoria do Holocausto e de Prevención dos Crimes contra a Humanidade”.

Preténdese que o alumnado colabore e participe na memoria das vítimas do nazismo nun día internacionalmente recoñecido, pondo así en práctica os coñecementos anteriormente adquiridos e transmitíndoos ao mesmo tempo á súa contorna directa a través dunha actividade escolar.

O máis exeitado é facelo traballando contidos de diversas áreas: ciencias sociais, xeografía e historia canda a área lingüística, galego e castelán, coa introdución do xudeu español ou ladino, portugués, francés, inglés, italiano e alemán. Alén disto, tamén se traballa con conceptos do Dereito Internacional e da Filosofía coa finalidade, transversal, da prevención do racismo e a xenofobia.